

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **13 de decembro de 2017**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Jorge Pumar Tesouro DEPUTADOS/AS: D. Plácido Álvarez Dobaño D. ^a Consuelo Vispo Seara D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a María Teresa Cerdeira Valiñas D. ^a Isabel Gil Álvarez D. José Ignacio Gómez Pérez D. Adolfo González Nóvoa D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Francisco Cacharro Gosende INTERVENTORA: D. ^a Mónica Legaspi Díaz	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 13 de decembro de 2017 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de don Jorge Pumar Tesouro e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, réunese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
--	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 15 DE NOVIEMBRE DE 2017.- En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de novembro de 2017, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- INFORME DO DEPUTADO DELEGADO DE ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL SOBRE A CONTRATACIÓN DO PROXECTO “CONCECTA OURENSE”.-

O **presidente da comisión** di que a inclusión deste punto na orde do día deriva da moción de urxencia presentada polo BNG no último Pleno ordinario, moción que non foi admitida a trámite, pero en relación con cuxo obxecto se comprometera a informar na primeira comisión informativa que tivese lugar. Para tal efecto, failles entrega aos portavoces dos grupos dunha copia do documento final do Proxecto Conecta Ourense así como do Plan de Mobilidade do Concello de Ourense.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, agradece a entrega da documentación e pide se é posible que se aclare a cuestión principal que motivaba a moción do grupo, isto é o feito de que o proxecto contivese parte do contido do proxecto anterior.

O **presidente da comisión** lembra que o Proxecto Conecta Ourense se presentou a un procedemento de concesión de subvencións por concorrencia competitiva, convocado por Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, publicado no BOE do 7 de outubro de 2016, e para o que se aplicaban as bases da convocatoria anterior, publicadas no BOE do 17 de novembro de 2015. Concretamente, no anexo II das citadas bases se sinalaba que a estratexia DUSI que se presentase non podía partir de cero, senón que debía ter en conta distintas estratexias sectoriais previa (plans estratéxicos, axenda 21, programas sectoriais, etcétera) que deben ser integradas ao proceso; e no anexo VI, onde se establecían os criterios de valoración, asignábanse ata 2 puntos pola utilización na estratexia presentada dos coñecementos dispoñibles e os resultados e prácticas existentes. Polo tanto, a definición do proxecto presentado ao concurso debía apoiarse nos recursos preexistentes, tales como plans ou programas sectoriais, sinalando a este respecto que o Plan de Mobilidade do Concello de Ourense é un recurso público ao que calquera cidadán pode acceder só con teclealo en google.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, pregunta que traballos fai en concreto a consultora PWC.

O **presidente da comisión** responde que a consultora elaborou o documento final que se lle acaba de entregar. Dá conta tamén dun informe emitido polo vicesecretario da Deputación, no que se conclúe que o dito documento non incorre en plaxio con respecto ao Plan de Mobilidade, xa que en todo momento se citaba a fonte dos textos utilizados.

D. Ramiro Rodriguez Suárez, portavoz do BNG, agradece a documentación e a información facilitada, que estudarán con detemento, e se se suscita unha cuestión a manifestará no seu momento.

3º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA ÁS MOCIÓN CUXA NATUREZA OU EFECTO NON SEXAN PARTICULARES E ESPECÍFICAS DA PROVINCIA DE OURENSE.-

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, expón brevemente o contido da moción dando lectura á súa parte dispositiva.

Non se producen intervencións someténdose a votación a moción, non ditaminándose favorablemente o acordo proposto, ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (1), o voto en contra do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1).

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, formula unha pregunta en relación coa proposta de oferta de emprego público para o exercicio 2017, que actualmente se está negociando, e na que se inclúe unha praza de técnico de asesoramento aos grupos políticos que corresponde a un posto de técnico asesor do Grupo Socialista e pregunta a que obedece esta situación, advertindo que ao mellor hai unha cuestión legal que descoñece, pero non lle parece normal que se inclúa nunha oferta de emprego público unha praza de asesoramento a un grupo político.

O **presidente da comisión** responde que a formulación da oferta respondeu estritamente a criterios da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, insiste en que se trata dun posto específico dun grupo político, e que ao incluílo na oferta de emprego público a praza podería chegar a ser cuberta por unha persoa allea ao grupo.

O **presidente da comisión** di que o persoal dos grupos políticos é normalmente persoal eventual porque tamén hai persoal laboral indefinido, como é este caso.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, di que non é o mesmo o persoal laboral indefinido que o fixo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que cando a situación de indefinición é administrativa é diferente a cando está declarada por unha sentenza xudicial firme, coo cre que ocorre neste caso, o que obriga a crear o posto na RPT e incluílo na oferta.

Intervén o **Sr. secretario** para explicar que se trata dunha situación anómala que se orixinou a mediados dos anos 90 do século pasado, cando o persoal dos grupos políticos por aquel entón (Grupo Socialista e BNG) se contratou en réxime laboral temporal, no que se constituíu un erro administrativo. Como consecuencia desta situación no ano 2010 ou 2011 unha traballadora do Grupo Socialista demandou xudicialmente que se lle declarase persoal laboral indefinido e obtivo unha sentenza favorable. A raíz desta circunstancia tratouse entón de regularizar a situación do resto de persoal dos grupos, o que se conseguiu co persoal do grupo do BNG, que de mutuo acordo renunciou aos seus contratos laborais para ser nomeados persoal eventual. Pero no caso doutro traballador do Grupo Socialista reclamou en vía administrativa que se lle declarase persoal laboral indefinido e esa reclamación foi estimada en vía administrativa pola Presidencia, tralo informe previo favorable de Secretaría, debido a que o caso era idéntico ao da outra traballadora do Grupo Socialista que meses atrás xa obtivera unha sentenza xudicial favorable a esa pretensión. Por conseguinte ese traballador do Grupo Socialista non obtivo a condición de laboral indefinido por sentenza firme, senón por resolución administrativa, se ben hai que ter en conta que esa resolución administrativa se basea nunha sentenza firme ditada nun caso idéntico. Esta situación mantívose durante todos estes anos con respecto ao traballador do Grupo Socialista (no caso da traballadora xubilouse posteriormente e a praza se converteu entón en eventual) debido a que as sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado

estableceron fortes restricións á oferta de emprego público, razón pola que esa praza de técnico asesor do grupo político non se incluíu nunha oferta. Pero este ano 2017 por primeira vez a Lei de orzamentos xerais do Estado sufriu gran parte desa restrición, concretamente ao establecer que as prazas ocupadas por persoal laboral indefinido declaradas por sentenza non computen para a taxa de reposición de efectivos, o que determina que polo tanto esas prazas se deben incluír na oferta de emprego público, dado que ao non existir ningunha restrición á súa convocatoria debe procederse á súa regularización.

Incluso, se se considerase que non lle é aplicable esa norma por non ser declarado por sentenza (aínda que sexa considerado que deba equipararse, dado que a resolución administrativa se baseaba nunha sentenza xudicial) procedería igualmente a inclusión da oferta nun proceso de consolidación de emprego, xa que a Lei de orzamentos de 2017 autoriza tamén a inclusión na oferta das prazas que estivesen equiparadas de forma temporal antes do 1 de xaneiro de 2005, como é o caso. Por outra parte, non existen razóns para exceptuar a esta praza do mesmo trato que se lles dá ás demais nesas situacións, xa que legalmente se trata dunha praza laboral máis; o que se fai é consecuencia xurídica do estatuto de persoal laboral que se lle recoñeceu a esa praza, porque así o reclamou a persoal que a está ocupando actualmente.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, di que non vai entrar a debater as cuestións xurídicas, e que ademais é posible que o proceso nin sequera lle afecte á persoa que actualmente está ocupando a praza, pero engade que el tamén sabe cal foi a situación do persoal dos grupos políticos, que incluso chegou a sufrir ameazas no seu día e que se trata dunha situación errónea desde un principio.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que xa que se fala da situación anterior, o que sucedeu é que nesta Corporación os acordos entre cabaleiros só se cumpriron por unha das partes.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, pregunta, en todo caso, se é obrigatorio incluír esa praza na oferta, manifestándolle o **Sr. secretario** que entende que si o é, ao non existir ningún impedimento á súa inclusión na oferta e existir a obrigación de

proceder á regularización desa situación, igual que sucede coas prazas ocupadas por persoal interino.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, pregunta que ocorrería se non houberse Lei de orzamentos xerais do Estado, informando o **Sr. secretario** que se non houberse Lei de orzamentos xerais do Estado existiría igualmente a obrigación de incluíla na oferta, debido a que as limitacións á oferta de emprego público das leis de orzamentos non se prorroga, polo que ao non existir a lei de orzamento non existe tampouco restrición da oferta de emprego.

E, ás 17.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.